



TIC.

Carga horaria: 3h. Departamento: Tecnoloxía.

As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) considéranse tan importantes na sociedade actual como a escritura, a lectura e o cálculo. Empregalas de xeito seguro e eficaz serache imprescindible.

1. Elixe esta materia se queres saber como...

- Maquetar un texto e facer presentacións de diapositivas correctamente (inserir imaxes, vídeos, etc.)
- Modificar unha imaxe dixitalmente
- Crear un vídeo
- Crear as túas propias pistas de son
- Traballar de xeito colaborativo na rede
- Iniciar no deseño de páxinas web
- Estar protexido na rede e nas redes sociais

2. Bloques de contido

- Ofimática: procesador de texto, presentación de diapositivas...
- Tratamento de imaxe, son e vídeo
- Traballo colaborativo en rede
- Seguridade informática

Poderás acceder aos contidos na Aula Virtual do Centro.

3. Que e como se avalía?

Esta materia ten un carácter moi práctico polo que a forma de avaliála será mediante traballos propostos na aula de informática, por iso é importante o traballo diario na clase. Non hai exame.

[Máis información](#)